

Non e punto

Porque fumar non mola

María Jesús Chacón Huertas

Romina Soto



**Este libro realizouse grazas ao patrocinio de GSK coa
colaboración da Cátedra Respira Vida da UAM:**



© 2019

Autora: María Jesús Chacón Huertas

Ilustración: Romina Soto

Corrección do texto: Dolores Sanmartín

<http://www.weeblebooks.com>

info@weeblebooks.com

Madrid, España, maio 2019

Código: NP-ES-CPU-OGM-190018_V1_052019

Para os efectos de transparencia, informámolo de que GSK colaborou no financiamento da presente publicación. O seu contido reflicte as opinións, os criterios, as conclusións e/ou os achados propios dos autores, que poden non coincidir necesariamente cos de GSK. GSK recomenda sempre a utilización dos seus produtos de acordo coa ficha técnica aprobada polas autoridades sanitarias.

Co reconecimento e/ou aval social de:



**Para todos os mozos
valentes que se atreven
a manter as súas ideas.**

O consumo de tabaco converteuse nunha das principais preocupacións en relación coa saúde pública.

Por que se empeza a fumar? Que se esconde tras este hábito? Coñecen os mozos os riscos e as enfermidades que poden esperar no futuro?

A aceptación social é a primeira causa que atrae os mozos cara ao tabaco. O desafío ás normas, a presión dos amigos e incluso compartir a vivenda cuns pais fumadores son outras.

Este libro trata desa primeira relación dos adolescentes co tabaco. Introdúcese como un xogo que vai enganando pouco a pouco ata que se converte nunha adicción.

Pero tamén trata de como outros mozos valentes non só non caen no tabaquismo, senón que o combaten e loitan polos seus amigos.

O reto da nosa sociedade é evitar que os mozos comecen a fumar. Para iso é necesario, en primeiro lugar, proporcionarlles información, darlles exemplo e, sobre todo, ensinalles a ser valentes e dicir NON.

Área de Relacións con Pacientes GSK España

Ao meus amigos e a min encantábannos os venres pola tarde. Esa sensación de acabar o colexio e o instituto, de ir dar unha volta sen présa para volver á casa, era increíble. Sempre que o tempo nolo permitía, adoitabamos ir en bici ao noso vello descampado. No inverno, durante eses días grises e chuviosos nos que non nos apetecía facer nada, quedabamos tranquilos na caseta da avoa de Xavi. Entón, viamos unha película ou xogabamos a algún xogo deses que había por aí.

Poucos días faltamos á nosa cita semanal, e iso que máis dunha vez acababamos discutindo. Logo, ao venres seguinte xuntabámonos coma se nada.

Somos sete no grupo: tres rapaces e catro rapazas, de terceiro e cuarto da ESO. E, aínda que todos nos coñecemos desde sempre, había dous anos que nos gustaba saír así, á nosa maneira.



Xavi é o meu mellor amigo. É pouco falador, moi introvertido para as súas cousas. Cústalle expresar o seu mundo e os seus sentimentos. A min, pola contra, encántame falar, será por iso que somos uña e carne. Cando nos reunimos todos, el prefire escoitar. Desde a volta á clase nótoo un pouco raro, non sei, a min non me engana. El di que non, pero eu creo que lle segue gustando Xulia.

Xulia é a lista do grupo, a que nunca estuda e sempre saca boas notas. Meus pais din que iso se acabará algún día. Ademais, toca o piano desde que era pequena. O ano pasado invitounos ao seu concerto de fin de curso e encantounos. Desde entón, aínda a admiramos máis. Ela di que somos uns esaxerados, que non é para tanto.

Cando por fin falei con Xavi de que lle pasaba, confesoume que Xulia non era a razón pola que estaba así.



—Que non, de verdade, Serxio, que xa non me gusta. Se en realidade non me pasa nada, non creas. Só quería que soubeses que... que este verán fumei un pouco. Iso me pasaba: que estaba amolado porque non o sabías. Hala, xa cho soltei! No llo digas a ninguén, eh!

Quedei pampo. Non o podía crer. Xavi e mais eu tiveramos moitas conversas sobre o tabaco e sempre dicíamos que nunca fumaríamos. Mireino fixamente e só me atrevín a dicirle:

—Ben, hai outras cousas peores.

Os venres falamos de todo. Ás veces tamén veñen os nosos outros amigos, e iso

mola porque así temos máis temas de conversa. É a tarde na que compartimos as nosas risas, os nosos problemas e as nosas ilusións e, por que non, tamén as nosas loucuras...



Un venres de principios de outubro, nun lugar apartado da cidade

—Veña, rapaces, que xa falta pouco para chegar! —animei os meus amigos, sen parar de pedalear.

—Ti sempre igual, Serxio! Non é verdade, aínda falta moito, gracioso! —queixouse miña irmá para non variar.

—É que ti no te cansas nunca! —contestou Carlos abafado.



Hoxe está unha tarde radiante para ir ao descampado. Aproveitando o bo tempo, logrei convencelos para pedalear un pouco máis do normal. Raquel, a miña irmá, pasou os trinta e tres minutos que nos custou chegar sen parar de protestar. Eu, como estou acostumado a ela, non lle fago moito caso.

É a terceira vez que vimos este curso. Aínda nos estamos poñendo ao día das historias do verán e das novidades do colexio e do instituto. Xavi contounos o ben que o pasara nas festas da súa vila. Carlos, o gracioso do grupo e o que máis sae de todos, queixouse de que lle tocan os profesores máis esixentes. Iso si, prometeunos que este ano ía estudar un pouco máis. María, a mellor amiga de Sabela, non paraba de dicirle a Carlos que que sorte tiña cos seus pais porque os seus non deixaban de controlala e estar enriba dela todo o día. A todos os rapaces lles gustaba Sabela, pero a ela non lle gustaba ningún. A Sabela encantáballe pintar. Xulia lamentábase de que lle tocara o peor profesor de Linguaxe Musical de todo o conservatorio. Raquel e mais eu contámoslles que moitos dos nosos amigos da vila xa fumaban de verdade. E que o noso tío Antón morreu hai tres anos polo tabaco.

Vin como Carlos e María se miraban disimuladamente.



Entón Carlos aproveitou a situación para meter a man no peto e sacar un cigarro. María ofreceulle o chisqueiro. Acendeuno pausadamente e, tras varias caladas, empezou a contarnos:

—Como vedes, rapaces, María e mais eu tamén fumamos. Ben, en realidade, eu fumo un pouquiño máis ca ela, un de vez en cando. Iso non é fumar! Non fumaramos con vós aínda porque sabemos que non vos gusta.

—Eu fumo moi pouquiño, eh! Ofrecéronme este verán no cámping e, claro, non ía dicir que non. Ademais, notei que incluso me relaxa un pouco —xustificouse María ante os seus amigos.

—Queredes unha calada? —preguntou Carlos.

—NON —respondín enfadado.

—Non sei por que non o probas, Serxio, non pasa nada —insistiu.

—**NON e punto!** —volvín contestar. Ademais, non teño por que darche explicacións.

—Ti o perdes. Fumar mola!, verdade, María?



Xulia, Sabela, Raquel e Xavi tamén dixeron que non coa cabeza. Vin como Xavi, incómodo pola situación, se puxo un pouco colorado.

O meu “non” rotundo, xunto co molesto fume que caldeaba o ambiente, estragara a nosa tarde. Esta vez foi miña irmá a que me botou un cable:

—Ademais, supoño que sabedes que a nós tamén nos contaminades cos vossos malos fumes, non? O malo non é que fumedes vós, o problema é que fumamos todos. Contaminádesnos co fume que expulsades.

—Que esaxerada, muller! —exclamou María incrédula.

—Que non, María, non exaxero, é verdade. Seino porque o médico dicíallo a meu tío Antón. Insistíalle en que o aire contaminado polo fume do tabaco é peor que o que respira o fumador. Así, facéndolle ver que prexudicaba os seus, intentaba convencelo para que deixase de fumar. Ao final convinceuno, pero demasiado tarde...

—Ben, ben, non sei, non creo que sexa para tanto —dubidou Carlos.

Carlos e María insistiron en que no lle désemos tanta importancia, que non estaban enganchados e que o poderían deixar cando quixesen. E así, como eles no lle deron importancia, nós decidimos no darlla tampouco.

A partir de entón, o tabaco, os cigarros e o fume acompañábanos todos os venres pola tarde. Eles tamén se uniron ao grupo, eran un máis de nós e, por desgraza, un dos nosos temas fixos de conversa.



Un venres de principios de xaneiro, na caseta da avoa

—Meu avó fumou toda a vida e viviu ata os noventa anos —dixo Sabela orgullosa—. E xa sabedes que meu pai fuma desde sempre. Ten moita tose e algún catarro de vez en cando. Segundo el, nada importante. Iso si, dime que lle falta o aire cando vai dar un paseo con mamá. O meu irmán maior xa leva tres anos fumando. Compra un paquete ao día. Di que non os fuma todos, que os reparte entre os seus amigos. Así que as únicas que non fumamos na casa somos mamá e mais eu. E a que non adiviñades quen é o que vai máis ao médico?

—Pois quen vai ser, está claro, teu pai! —contestou Xulia enseguida.

—Pois non! É miña nai a que non para de ir ao médico ultimamente. Ea! a única que non fuma!

—Igual é porque é máis san fumar que non fumar, ha, ha, ha —ríase Carlos mofándose.

Como viu que o seu comentario non nos fixera ningunha graza, engadiu:

—Non vos poñades así, rapaces, vaia caretos. Só era unha broma!



Xavi, que estivera a punto de intervir varias veces, atreveuse a dicir:

—Igual túa nai vai tanto ao médico porque teu pai fuma todo o día, non? Polo aire contaminado ese que dicía Raquel.

—É verdade, pode ser —corroborou Xulia.

Sabela, enfadada polo comentario de Xavi, recriminoulle:

—Como vai ir ao médico por iso! Vai porque se fatiga moito. Será que se fai maior, nada máis. É que tes unhas cousas, Xavi...

A conversa animou a Carlos a acender un cigarro. Dicíanos que desde que fuma se sente máis importante, máis atractivo. E así liga máis...

—Seguro que ligas máis? Xamais tería eu un mozo que fume, co mal que ule o alento, puf, que asco! Ademais, co caro que é un paquete, prefiro ir ao cine, por exemplo.

Carlos, ignorando o comentario de Xulia, dixo ironicamente:

—Un a medias, María? Xa sabes, para non ir ao médico, ha, ha, ha.

—Vale, alguén quere unha calada?

Sabela, que estivera tentada a probalo varias veces, esta vez caeu.

—Veña, está ben, pero só unha.

María explicoulle que tiña que facer para non atragoarse. Sabela molestouse por iso.



—A ver, que levo toda a vida vendo fumar a meu pai, que xa sei o que hai que facer.

Carlos deu a primeira calada, logo pasoullo a María e, por último, a Sabela.


As nosas miradas centráronse nela. Disposta a demostrarnos o fácil que era, deu unha calada tan forte que se atragoou enseguida e tivemos que darlle varias palmadiñas para que deixase de tusir. Todos nos rimos pola cara que puxo.

—Non é tan fácil, non. Cof, cof, cof (tusindo). Será cuestión de práctica —dixo.



Así foi como entre o descampado e a caseta pasamos o curso e chegou o verán. O peor do verán era que deixabamos de vernos durante case tres meses. Ao principio sempre intentabamos quedar, pero case nunca o conseguíamos. Logo, como nos cansabamos de intentalo, desaparecíamos do mapa ata que en setembro volvíamos ao colexio ou ao instituto.


Un venres de principios de outubro, no mesmo lugar apartado da cidade



—Uf, case non chego! Parece que o descampado está máis lonxe este curso, non? —queixábase Raquel, exhausta de tanto pedalear.

—Xa falta menos, veña, choromicas! —animei a miña irmá.

Que miña irmá e mais eu esteamos no mesmo grupo ten as súas vantaxes, pero tamén os seus inconvenientes. A min encántame facer deporte, a ela non tanto; por iso protesta e, claro, case sempre berramos por iso. Á parte disto, teño que recoñecer que nos levamos ben, no fondo é un pedazo Este curso só viñemos dúas veces ao noso descampado. día do verán máis rápido que o ano pasado. Supoño que cousas porque hai cousas que non fai falta contar.



de pan.

Puxémonos ao
n o s contamos menos

Agora, Carlos e María xa non fuman de vez en cando. Fuman a diario. Agora, é Sabela a que fuma de vez en cando. Así que xa temos tres fumadores no grupo... Ben, en realidade, catro para min.

Mentres Sabela e María fumaban a medias un cigarro, Carlos gozaba do seu. Entre calada e calada, contounos como empezou a fumar.

—Foi naquela festa á que me invitaron os meus amigos de balonmán, recordades? Pois nesa, hai uns dous anos. Case todos fumaban e eu non quería ser o rariño do grupo, así que dei unhas cantas caladas. Convencéronme porque dicían que fumar tampouco é tan malo, que hai moita xente que fuma e non pasa nada. O caso é que agora creo que estou enganchado, no sei se sería capaz de deixalo. Meus pais aínda non o saben, non me pillaron aínda. Eles non fuman nunca, case ninguén da miña familia fuma.



Quedou pensando un momento o que acababa de dicir e rectificou:

—Ah, si! O tío Xoán si que fuma, si. Sei que estivo ingresado varias veces ultimamente. Claro que, tendo en conta que fuma dous paquetes ao día, supoño que será normal. Desde que era pequeno, recórdoo cun cigarro entre os seus dedos. É como se nacera con seis dedos en vez de con cinco!

O eco das risas resoou no descampado.

—Pois, falando de paquetes, a que non sabedes que? Lembrades que vos contamos que o noso tío morrera polo tabaco? —interveu Raquel.

—Si, si.

—Pois miña tía Marga, a súa muller, está indo ao médico porque sente que lle falta o aire, fatígase moito; como túa nai, Sabela. E ela tampouco fumou nunca. Meu tío Antón tamén fumaba dous paquetes ao día coma teu tío Xoán, Carlos.



Cando penso nel, recórdoo escondido baixo a néboa dos seus cigarros, fumando sen parar na cociña da súa casa. Acórdaste, Serxio...? A tía díxome onte que tiña que ir ao médico do hospital dentro de pouco. Estou pensando en acompañala, se pode.

—Vale, así comprobarás que o que lle pasa non ten nada que ver co tabaco. E eu de paso tamén quedarei máis tranquila por miña nai.

—Oxalá sexa así, pero creo que te equivocas, Sabela.

Xavi, que escoitara con interese a explicación de Carlos sobre cando empezou a fumar, preguntoulle:

—E se teus pais te pillasen, que farías?

—Ti falas pouco, Xavi, pero cando falas... ha, ha, ha —contestoulle Carlos xocosamente—. Pois que vou facer... está claro! Seguir fumando, pero ás agachadas. Ademais, se mo prohibisen, máis emocionante, non? Pero, vaia, no creo que me pillen, apenas os vexo...



Non pasaran nin dez minutos desde que Carlos apagou o seu cigarro ata que volveu acender o seguinte. Deulle unha calada, pasoullo a Sabela, e esta ofreceunos:

—Alguén quere unha caladiña?

—Que NON! —dixemos Xavi, Xulia, Raquel e mais eu.

Non lles demos tempo para que nos preguntasen o por qué. Mirámonos, contamos ata tres en silencio e exclamamos:

—**NON e punto!**



que non!



Sabela xa non se atragoaba ao fumar. Collía o cigarro coa elegancia das actrices das series de moda. Expulsaba suavemente o fume do seu cigarro. Por suposto, María e Carlos acompañábana. Tras varias caladas, empezou a contarnos:

—Miña nai foi onte outra vez ao médico porque sempre está moi cansada e agora por enriba ten unha tose de cans... O seu médico do centro de saúde derivouna ao especialista do hospital porque por fin lle contou que todos fumamos na casa menos ela. E, claro, cando o soubo, botou as mans á cabeza. Díxolle que con tan malos fumes na casa era normal que estivese así. Ademais, como mamá traballa desde a casa, pois apenas sae. Insistiu en que convencesse a papá para que fose visitalo urxentemente.

—Si que tes malos fumes, si, cando te enfadas no hai quen te aguante —comentou Carlos.

—Ha, ha, ha!, que gracioso!

—Uf, pois non é por asustarte, Sabela, pero recórdame ao meu tío Antón e á miña tía Marga —opinei.

—É dicir, que xa saben na túa casa que fumas e coma se nada, non? Que sorte! —exclamou envexosa María.





fume




Sabela quedou pensando no que eu dixera dos meus tíos, pero non dixo nada. Preferiu contestarlle a María.

—Pois ti, cando queiras, vés á casa e poderemos fumar tranquilamente. Xa verás como mola non ter que esconderse de ninguén. Ensinareiche os meus últimos debuxos, vale? E logo podemos ver unha película, se queres...

—Vale! —exclamou María, emocionada pola proposta de Sabela—. Desde que me pillaron o verán pasado, meus pais non paran de romperme a cabeza todo o tempo. Incluso o outro día apareceron na casa con varios paquetes dos seus compañeiros de traballo e léronme o que dicían coma se fose unha nena de catro anos: Fumar mata, Fumar dana os pulmóns, O seu é malo para os seus fillos, a súa familia e os seus amigos, Fumar aumenta o risco de cegueira...

—En serio? Vaia pais pesados tes! Pois, a verdade, si que teño sorte, si —recoñeceu Sabela orgullosa.



—Eu, a verdade, non sei..., non entendo por que fumades —manifestou miña irmá.

—Que por que fumamos? Pois a min, por exemplo, fumar un cigarro despois de comer ou cando estou nerviosa cos exames tamén me relaxa, como a María. Creo que ata me axuda a concentrarme.

—Iso din os fumadores profesionais, Sabela, que fumar relaxa. Parabéns! —recriminoulle Raquel.

—Ademais, digo eu, se fose tan malo para a saúde como din teus pais, María, non habería tantas películas nin programas de televisión nos que parece que fumar está ben, non? —entreviunos Carlos.

—Iso, iso —apoiouno Sabela.



—Meus pais dinme que a nicotina do tabaco crea incluso máis dependencia ca outras drogas —afirmou María.

—Que esaxerados, non o creo! —burlouse Carlos—. Pois o tío Xoán, ademais de ter os dentes amarelos, está moi engurrado. É da idade de meu pai e parece que ten dez anos máis. Di que non ten olfacto nin gusto, que non distingue os olores nin os sabores. E falando de películas, el é actor, aínda que, ben, agora traballa pouco porque está cada dúas por tres no hospital.

—Seguro que todo iso tamén é polo tabaco. O dos dentes amarelos é das poucas cousas que sabemos. Ten tantos efectos negativos... —afirmou Xulia.



—Estásеме ocorrendo unha idea! Como meu tío é médico e traballa no hospital, pódolle preguntar se podemos quedar algunha tarde con el. Así poderémoslle facer todas as preguntas que queiramos. Que vos parece?

—Non é mala idea, Xulia —opinou Sabela.

—Vale, ben —dixeron Carlos e María sen máis.

—Perfecto! Cando fale con el, dígovos.

Que boa idea tivera Xulia! Por un momento, pensaba na posibilidade de que os meus amigos deixasen de fumar algún día. Nas películas sempre din que os soños se cumpren, non?





Cando nos despedimos esa tarde, Xavi preguntoume se podía vir á miña casa un pouco. Díxenlle que si, claro.

Xavi seguía fumando só un pouco e ás agachadas. Ninguén sabía que fumaba nin quería que o soubesen. Creo que iso era bo. Eu, por suposto, gardei o seu segredo e nin sequera llo contara a miña irmá.

—Antes, cando Carlos falou de seu tío Xoán, quedei coa intriga do da pel engurrada. Cres que fumar tamén envellece?, que pensas, Serxio?

—Pois que o imos comprobar, e... se buscamos en internet?

—Xenial!

Preparamos unhas pizzas e algo para picar e encerrámonos na miña habitación co portátil. Meu tío Carlos, que sabe moito de internet, indicounos varias páxinas de confianza para que a información fose fiable. Canto máis liamos sobre o tabaco, menos nos gustaba e máis nos acendiamos...



—Mira, Sergio, llegeix això... El que deia la María era veritat!

O tabaquismo é unha enfermidade aditiva. O tabaco é unha droga que produce máis dependencia que a heroína ou a cocaína.

E seguimos lendo:

Existe unha enfermidade relativamente pouco coñecida, chamada epoc. A epoc é unha enfermidade pulmonar obstrutiva crónica, que en moitos casos queda sen diagnosticar. A principal causa da epoc é a exposición ao fume do tabaco, ben sexan fumadores activos ou pasivos. A súa evolución é lenta. Un dos seus síntomas máis frecuente é a disnea, é dicir, a dificultade para respirar e a tose crónica.



Xavi e mais eu mirámonos aterrorizados polo que acababamos de ler. Agora entendiamos o que estaba pasando. Intuíamos por que estaba miña tía Marga así e por que estaba indo a nai de Sabela tanto ao médico.

No fume do tabaco existen máis de 4.000 substancias químicas, das que máis de 50 son canceríxenas, provocan enfermidades de corazón... Ademais, o tabaco engurra a pel, mancha os dentes e as uñas, atrofia o olfacto e o gusto...

—Uf!, tamén é verdade o de que envellece. Sabes que che digo, Serxio?

—Pois non, nin idea.

Xavi deixou de mirar a pantalla do portátil e, sen dubidalo nin un segundo, empezou a dicirme:

—Acabouse! Non penso fumar nin un cigarro máis. Sabía que era malo, pero agora sei que malo é pouco. Así que...

Non o deixei terminar, facíame moitísima ilusión dicilo os dous xuntos. Sabía que a partir dese momento, Xavi non se poñería colorado nunca máis. Así, cun sorriso nos ollos, exclamamos xuntos:

—NON e punto!





Decidimos que o venres seguinte lles contariamos aos nosos amigos o que descubrimos, a pesar de que estabamos convencidos de que non nos farían moito caso.

O tempo pasáranos voando. Xavi tiña que marchar para a casa. A última información que lemos sobre a epoca impresionáranos moitísimo.

A enfermidade afecta hoxe case por igual a homes e mulleres.

En 2030 será a terceira causa de morte e converterase nunha das enfermidades con máis limitacións.



Un venres de principios de xaneiro, na caseta da avoa

—Sabedes que, rapaces? O outro día meus pais contáronme que, cando nós eramos pequenos, podía fumar en todos os sitios, pero logo aprobaron unha Lei antitabaco en España. E con ela prohibiuse fumar en lugares nos que ata entón estaba permitido: os postos de traballo, os bares, os museos...

—Iso si que molaría! Ti si que estás ao día cos teus pais, eh, María? Podíaslles preguntar que vai caer no exame de Mates do luns, ha, ha, ha —riuse Carlos ironicamente—. A min non me importaría que meus pais me contasen máis cousas. Non están nunca na casa. Entre a semana non paran de traballar e a fin de semana saen por aí cos seus amigos. Así, como me van pillar fumando? Se non me ven!



—Non creas, estou farta. Ata na casa dos meus avós saíu o tema desa enfermidade tan rara do tabaco, a epoc ou... algo así, non? —dubidou María.

—A Eee... que? —preguntoulle Xulia asombrada.

—A epoc —confirmou Raquel—. O día que meu irmán e Xavi nos faloron dela, ti non viñeches, Xulia; por iso non che soa. Verás, cóntoche: a epoc é unha enfermidade crónica respiratoria que vai consumindo as persoas pouco a pouco por fumar. O malo non é iso; o peor é que tamén mata as persoas non fumadoras que viven con elas.





Sabela levaba varias semanas un pouco rara. Non falaba moito, e o estraño é que estaba fumando pouco. Non lle gustara o resumo que fixera miña irmá. Aguantou ata que non puido máis. Saltáronlle as lágrimas e, dirixíndose con rabia a ela, gritou:

— Non mata as persoas non fumadoras, Raquel, non as mata!

Quedamos sen saber que dicir. Non viramos nunca a Sabela así. María tranquilizouna estreitándoa entre os seus brazos. Cando se calmou, comentounos que estaba nerviosa porque o próximo xoves dábanlles os resultados das probas aos seus pais.

—Que casualidade, Sabela! Eu tamén irei a semana que vén con miña tía ao médico dos pulmóns, ao pneumólogo. Vanlle facer unha proba que se chama espirometría —dixo Raquel.

—Que é iso? Para que serve? —preguntoulle Xulia intrigada.

—Pois, miña tía explicoume que é unha proba moi sinxela, que dura uns dez minutos. Consiste en encher os pulmóns de aire ao máximo para despois expulsar o máis rápido e forte posible o aire nun tubo. Así comprobamos se a capacidade dos pulmóns desa persoa é a que lle debería corresponder. Con esta proba diagnostican a epoc.

Xulia, por quitarlle importancia, dixo:

—Polo menos non é dolorosa, non?

Todos disimulabamos os nosos nervios. En realidade, estabamos moi asustados polo que puidese pasar. Decidimos pasar o resto da tarde xogando a ese xogo que nos encantaba. Así, conseguimos que Sabela se tranquilizase e todos nos esquecemos un pouco da situación.

O mellor da tarde foi que, por primeira vez en moito tempo, regresamos á casa con menos fumes que outros venres. Carlos fumara tres cigarros; María, dous, e Sabela, só un.



Un xoves de mediados de xaneiro, no hospital

—Sabela, non o podo crer! —exclamou Raquel.

Miña irmá saía con miña tía Marga da consulta do pneumólogo e alí estaba Sabela, esperando cos seus pais.

—Que coincidencia, o mesmo pneumólogo e o mesmo día!

—Que tal foi, todo ben? —preguntounos Sabela asustada.

Aínda que os pais de Sabela e miña tía non se coñecían, miña tía, que é moi faladora, contoulles sen reparos:

—Ben, fíxome a espirometría e si, si, díxome o doutor Sebastián que teño epoc, pero q u e co tratamento que me puxo vou mellorar e non me vou cansar tanto. Empezarei cun inhalador. E logo, xa veremos. Xa vedes, vaia herdanza me deixou o meu home!





Ía seguir falando, pero abriuse a porta e a enfermeira chamou o próximo paciente. Sabela e os seus pais entraron rapidamente. Miña irmá propúxolle a miña tía esperar ata que saíran da consulta. Miña tía accedeu.

Pasaron vinte e dous eternos minutos ata que se volveu abrir a porta. Cando miña irmá viu a cara de Sabela, imaxinaba o peor. Nin sequera se deran conta de que estaban alí, esperándoos. Seu pai, coa cabeza baixa, co rostro moi serio e cun gran sentimento de culpa, collía a nai de Sabela con cariño pola cintura. Súa nai, moi pálida, levaba dous panos, cheos de lágrimas e de soños rotos. E Sabela, cos ollos vermellos, repleta de rabia e sen querer assimilar o que acababa de oír, dispoñíase a baixar correndo as escaleiras. Entón, miña irmá chamouna:

—Sabela, que estou aquí, esperándote. Céntame, que pasou?

Sabela, sen mediar palabra, arrancou a chorar sen consolo. Estiveron abrazadas un bo anaco, chorando os sete chorares. Cando conseguiu falar, díxolle con voz entrecortada:


—Non é xusto, non é xusto! Meu pai ten epoc en estado avanzado e miña nai tragou tanto fume que ten cancro de pulmón!

Miña irmá quedou sen fala, non sabía que dicir. Só lle saíron dúas palabras:

—Síntoo, Sabela.

E Sabela baixou correndo as escaleiras para alcanzar a seus pais.





Ao día seguinte Sabela non veu á caseta da avoa. Todos estabamos moi preocupados por ela.

—Por certo, meu tío xa me dixo que o venres que vén podemos ir pola tarde ao hospital. El estará de garda e un amigo seu pneumólogo, o doutor Sebastián, tamén estará esa tarde. Non sei se virá Sabela...

—O doutor Sebastián é o pneumólogo de miña tía e dos pais de Sabela, é encantador! —exclamou miña irmá emocionada—. Que coincidencia! Así non nos dará tanto corte facerlle preguntas, non?

Carlos e María xa non fumaban con tanta alegría coma antes. Estaba claro que lles estaba afectando todo o que estaba vivindo Sabela na casa. No fondo, querían e non querían ver o doutor Sebastián...

Un venres de finais de xaneiro, no hospital

Chegamos ao hospital ás cinco menos cinco. Quedáramos co tío de Xulia ás cinco na porta. Só faltaba Sabela. O tío de Xulia recolleunos puntual e, xusto cando nos dispoñíamos a subir, apareceu Sabela ao lonxe.

Subimos á segunda planta, onde quedáramos co doutor Sebastián. O tío de Xulia presentounolo. Acordábase perfectamente de miña irmá e de Sabela; sobre todo, de Sabela. Preguntounos se sabíamos algo sobre a epoc. Como viu que estábamos informados, preguntounos:

—E quen de vós fuma, todos?

Responderon Carlos, María e Sabela.

—Eu fumei bastante, si, pero fumo menos agora.

—Eu tamén fumo menos.

—Eu estou intentando deixalo, pero cústame, non podo.


—Claro que podes, Sabela! Todo é posible. Só tes que querer: ese é o primeiro paso para conseguilo —animouna o doutor Sebastián.



—Rapaces, ocorréuseme unha idea. Que vos parece se en vez de facerme primeiro as preguntas, mas facedes despois? Pensei que imos ir visitar os enfermos de epoc desta planta e logo preguntádesme as dúbidas que teñades.

A todos nos pareceu ben a súa proposta, así que empezamos a camiñar pola segunda planta do hospital, esa planta na que a maioría dos pacientes con insuficiencia respiratoria tiñan epoc.

lamos avanzando en silencio polo longo corredor cando, de repente, o doutor se detivo. Había unha cadeira de rodas con osíxeno e unha máscara. O doutor, sinalando a Carlos, dixo:



—Ti, Carlos, senta nesta cadeira. Vas facer a visita como se foses un enfermo de epoc, vale?

Carlos, aínda que non lle fixo graza a idea, accedeu e sentouse na cadeira, co osíxeno e coa máscara. Xulia levábao. A pesar de que só visitamos catro pacientes, foi máis que suficiente para coñecer a gravidade da enfermidade e a dificultade do seu día a día. Un dos enfermos contábanos que lle daba medo saír á rúa porque se asfixiaba e quedaba sen osíxeno para respirar. Outro dicíanos que non fomos parvos, que non fumáramos nunca porque cando un fumador enferma, toda a familia o fai.

Eu non deixaba de mirar a Carlos. Estaba máis branco que as paredes do hospital. Non dixo nin unha palabra durante os corenta e cinco minutos que durou a nosa visita á segunda planta.

Quedamos tristes, moi impresionados, sen palabras... O doutor Sebastián preguntounos se tiñamos algunha dúbida. Como ningún tiñamos gañas de falar, dixeran en nome de todos:





—Creo que non temos ningunha pregunta, doutor. Xa sabe iso de que “unha imaxe vale máis que mil palabras”. Así que quedamos... sen palabras. Grazas por deixarnos coñecer a epoc tan de preto.

—De nada, rapaces! Foi un pracer. Espero que aprenderades algo. Sabedes? O século XX chamouse “O século do cigarro”. Oxalá nun futuro se recorde o século XXI como “O século do NON cigarro”. Só vos direi unha cousa: tedes toda a vida nas vosas mans. Por favor, non deixedes que os malos fumes vos impidan vivir esa vida que tanto soñades...

—Grazas, doutor Sebastián —respondemos agradecidos.

Despedímonos del e do tío de Xulia. Cando saímos do hospital, á volta da esquina, Carlos encontrouse con dous dos seus amigos de balonmán.

Os dous ían fumando. Estrañoulles que Carlos non o fixese, así que un deles díxolle:

—Un cigarro?

Estabamos expectantes ante a resposta de Carlos, quen exclamou:

—Non!

Os seus amigos, estrañados polo rexeitamento, preguntáronlle:

—E iso, Carlos?

Entón chegou ese momento que tanto desexara; ese momento no que, por fin, un dos meus soños se ía converter en realidade. Todos, cheos de ilusión e de gañas de vivir a nosa vida sen malos fumes, respondemos ao unísono:



Non e punto!



Fin



Raquel



Serxio

Podes descargar todos os libros gratuitamente
en weeblebooks.com ou na App Weeblebooks



www.weeblebooks.com

Co o patrocinio de:

